



Concello do Porriño

ANUNCIO

CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUNHA BRIGADA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2020.

Obxecto: É a urxente selección e nomeamento de funcionarios/as interinos/as para **formar unha brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais composta dun/ha (1) Xefe de brigada, dun/ha (1) peón condutor e tres (3) peóns de brigada**, segundo o convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello do Porriño para a execución do programa "Desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020", de carácter temporal, que non responde a necesidades permanentes.

Sistema de selección: Oposición.

Prazo para a presentación de instancias: Cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Faro de Vigo, prorrogándose ata o primeiro día hábil seguinte, se o devandito prazo terminase nun día inhábil.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Bases de selección: Están expostas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

O Porriño, 1 de outubro de 2020

O Alcalde Accidental, Pedro Pereira Fernández